

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARLAMENTO DE GALICIA

O Parlamento de Galicia, no día Internacional contra a violencia de xénero, amosa a súa repulsa fronte a pervivencia e persistencia desta lacra na nosa sociedade e no mundo.

Sendo conscientes de que a violencia de xénero é unha grave e intolerábel violación dos dereitos humanos, renovamos a necesidade dunha resposta conxunta e rotunda non só de condena da violencia, senón tamén de articulación de políticas, así como do necesario incremento de recursos económicos, humanos e materiais de protección ás mulleres que padecen violencia e no cuestionamento das bases que sustentan a desigualdade e subordinación das mulleres.

Facemos un chamamento os poderes públicos, dende a súa responsabilidade e ao conxunto da sociedade galega para seguir traballando contra a violencia de xénero, pois só desde a unidade será posíbel erradicar a violencia contra as mulleres.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 08.

